



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NA CASA DO CONCELLO DE MUXÍA
O DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Proxecto de Lei de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Antonio Javier Ferreira Fernández como secretario xeral e de Relacións Institucionais
- Decreto polo que se dispón o nomeamento de Antonio Javier Ferreira Fernández como secretario xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar
- Decreto polo que se dispón o nomeamento de Xoán Antón Pérez Lema como secretario xeral de Relacións Institucionais

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se dispón o nomeamento de Julio Fernández Mato como secretario xeral de Relacións Exteriores

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada autonómica AC-400, P.Q. 18 + 400 ó 19 + 720, a prol do concello de Cerceda
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada autonómica AC-566, P.Q. 12 + 020 ó 13 + 050, a prol do concello de Valdoviño

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



- Decreto polo que se crea o sistema oficial para o control da produción e comercialización dos materiais forestais de reprodución

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Bueu, para acondicionamento e equipamento da escola infantil 0-3 municipal integrada na Rede Galega de escolas infantís 0-3 (Galescola)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello do Carballiño, para a creación dunha escola infantil 0-3 integrada na Rede Galega de Escolas Infantís 0-3 (Galescola)

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia – Servizo Galego de Saúde, a Secretaría Xeral de Emigración e Casa Galicia de Montevideo, para a prestación de atención sociosanitaria aos Galegos de Uruguai

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo que se aproba o proxecto sectorial de implantación do Parador de Turismo de Muxía

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto: “L.M.T.A., C.T.C., e R.B.T.A. de Guimarei”, (Liña Aérea de Media Tensión, Centro de Transformación e Rede de Baixa Tensión), sobre a do monte veciñal en man común *Guimarei*, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de *Esfarrapa e Guimarei*, no concello de Monterrei-Ourense, promovido por *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE



- Acordo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Vigo para "Avaliación do impacto ambiental e de promoción do desenvolvemento sostible na Univigo", por importe de 50.000 euros.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Organismo Autónomo Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun estudo sobre a calidade das augas superficiais en Galicia Costa, por importe de douscentos corenta e un mil cincuenta e cinco euros con catro céntimos (241.055,04 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vedra, para a execución da obra: "Abastecemento a pequenos núcleos de poboación. Abastecemento xeral no concello de Vedra. Fase II. Vedra (A Coruña)", clave OH.215.757, por importe de catrocentos cincuenta e tres mil cincocentos tres euros con sesenta e un céntimos (453.503,61 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Brión, para a execución da obra: "Mellora das redes de saneamento. Saneamento e abastecemento de auga en Rial e outros núcleos. Brión (A Coruña)", clave OH.515.768, por importe de seiscentos sesenta e un mil cincocentos trinta e un euros con trinta e nove céntimos (661.531,39 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Bergondo, para a execución da obra: "Mellora das redes de saneamento. Saneamento na zona de Lubre. 1ª fase. Bergondo (A Coruña)", clave OH.315.728, por importe de catrocentos once mil douscentos sesenta e tres euros con seis céntimos (411.263,06 euros).
- Acordo polo que se autoriza a aprobación do gasto do contrato de concesión de obra pública para a redacción do proxecto, construción e explotación dos colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Ponte do Porto. Camariñas (A Coruña), de clave: OH.315.746, por importe de sete millón cincocentos cincuenta e catro mil cento trinta e dous euros con sesenta e cinco céntimos (7.454.132,65 euros).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza o gasto de investimento por unha contía de seis millóns catrocentos cincuenta e cinco mil catrocentos oitenta e seis euros con seis céntimos (6.455.486,06 euros) para a construción de cincuenta e dúas (52) vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga (Ourense).



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Lugo, para a adquisición de cinco vivendas polo concello no programa de *Erradicación do Chabolismo*.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre as actuacións desenvolvidas en materia de prevención e loita contra a contaminación mariña 5 anos despois do afundimento do buque *Prestige*

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe no que se dá conta do grao de cumprimento do Plan da Costa da Morte 2006-2010

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

- Informe sobre o estudo de viabilidade para a execución do Camiño Natural da Costa da Morte



O CONSELLO DA XUNTA CREA A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS CO OBXECTIVO DE CONSOLIDAR UN TECIDO INDUSTRIAL NO SECTOR DA CREACIÓN DA COMUNIDADE

- *Substituirá e ampliará o Igaem e servirá para fortalecer as empresas culturais galegas*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o proxecto de Lei de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), cuxo obxectivo será consolidar o tecido industrial e garantir que a cultura galega teña un lugar de seu no mundo.

Este novo organismo substituirá o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (Igaem, creado en 1989) ampliando as súas competencias a todos os eidos da cultura. A Axencia irá máis aló da música e das artes escénicas para funcionar como un verdadeiro organismo de apoio ao conxunto das industrias culturais.

A creación da Axencia tramitarase como unha reforma da Lei de creación do Igaem e en breve será enviada ao Parlamento para a súa aprobación definitiva. Para cando estea en funcionamento, Agadic converterase na primeira axencia regulada segundo as normas de dereito público e terá uns procedementos e controis rigorosos.

Empresas culturais fortes

O obxectivo da Axencia é consolidar o tecido industrial no sector cultural galego para ter empresas con ingresos suficientes e estables, fomentando a creación e comercialización de bens e servizos culturais de calidade e favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singularizadores. A Axencia tamén pretende fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega e, á vez, aumentar a exportación. Para que a creatividade e a identidade galegas estean presentes no mercado cultural global, Galicia precisa de empresas fortes, capaces de crear e de exportar a nosa cultura.

Subvencións, liñas de crédito e campañas de promoción

Para acadar estes obxectivos, a Axencia Galega das Industrias Culturais apoiará a creación e consolidación de empresas do sector cultural e o establecemento de colaboracións entre elas; así como a distribución e comercialización dos produtos dentro e fóra do noso país. Para isto poderá establecer marcas de referencia e campañas publicitarias para reforzar a posición dos produtos culturais galegos.

A Axencia poderá participar en consorcios, conceder subvencións e favorecer a obtención de liñas de créditos en condicións vantaxosas. Neste sentido, actuará como intermediaria entre as empresas e o Igaem, en especial para poder afrontar grandes proxectos desde a iniciativa privada.



Segundo consta no borrador, os destinatarios da Axencia serán as empresas culturais privadas dedicadas principalmente á produción, distribución ou comercialización de produtos culturais incorporados en calquera clase de soporte, así como de espectáculos en vivo.

Formación de profesionais e impulso de novas tecnoloxías e de infraestruturas

Para mellorar a capacidade das empresas a Axencia impulsará plans formativos dirixidos a incrementar a preparación artística, técnica e empresarial dos seus profesionais, en especial nas funcións de xestión e no emprego de novas tecnoloxías. Precisamente, a Axencia potenciará os programas de investigación e desenvolvemento cultural que faciliten a incorporación das empresas culturas galegas á sociedade do coñecemento.

A Axencia tamén se encargará de fomentar a creación e a utilización de infraestruturas e de equipamentos por parte dos axentes culturais, sobre todo para facilitar o acceso aos habitantes de núcleos pequenos de poboación.

Funcionamento e estrutura

O Consello de Dirección encargárase de aprobar as liñas directrices da Axencia así como de controlar e de avaliar a súa actividade ordinaria. Nel haberá representantes dos departamentos da Xunta con competencias no campo, entre os que figuran as consellerías de Innovación e Industria e de Economía. O labor cotiá da Axencia estará xestionado polos membros da dirección, e a estrutura actual do Igaem pasará a formar parte de Agadic.

Para garantir o coñecemento da realidade das industrias culturais e as súas necesidades, crearase un consello asesor no cal estarán as asociacións e agrupacións máis representativas dos sectores culturais.



POLÍTICA TERRITORIAL TRANSFIRE AOS CONCELLOS DE VALDOVIÑO E CERCEDA OS TREITOS URBANOS DAS ESTRADAS AC-566 E AC-400 RESPECTIVAMENTE

O Consello da Xunta aprobou hoxe dous decretos sobre o cambio de titularidade de dous treitos correspondentes ás estradas AC-566 e AC-400 que pertencen á Comunidade Autónoma e que serán transferidos aos Concellos de Valdoviño e de Cerceda respectivamente.

En Valdoviño, o cambio de titularidade afecta o treito comprendido entre puntos quilómetros 12+120 e 13+050 da estrada AC-566 Narón-Campo do Hospital. Previamente, a Consellería de Política Territorial investiu uns 416.000 euros no acondicionamento e mellora desta travesía.

No caso de Cerceda, a CPTOPT transfere ao Concello a estrada AC-400 entre os puntos quilométricos 18+400 e 19+720, que se corresponde coa avenida da Coruña e que tamén foi obxecto de obras de humanización e mellora da seguridade viaria acometidas por Política Territorial.

A normativa establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas ou treitos de estradas que teñan características de urbanas ou ben por pertencer a treitos antigos de estradas en que se fixeron variantes de trazado.

Nos dous casos aprobados hoxe, os treitos obxecto de transferencia posúen características propias de zona urbana (é dicir, con beirarrúas en todo o percorrido, edificacións e servizos urbanos) polo que cumpren cos requisitos legais exixidos para realizar o cambio de titularidade.

As transferencias contan cos informes favorable da Dirección Xeral de Estradas e cos acordos dos concellos de Valdoviño e de Cerceda que, a partir da súa formalización, asumirán de xeito respectivo a xestión, mantemento, conservación e explotación dos devanditos treitos.

A entrega formal realizarase mediante as sinaturas das correspondentes actas, nos dous meses seguintes á publicación no DOG dos decretos aprobado hoxe.



O GOBERNO GALEGO REGULARÁ POR DECRETO O CONTROL DA PRODUCCIÓN E DA COMERCIALIZACIÓN DOS MATERIAIS FORESTAIS DE REPRODUCCIÓN

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que regulará o sistema oficial para o control da produción forestal con finalidade de comercialización e a comercialización dos materiais forestais de reprodución.

A finalidade do decreto, promovido pola Consellería do Medio Rural, é a creación dun sistema de control oficial conforme á normativa existente, tanto no Estado como na Unión Europea, que permita asegurar que os materiais forestais de reprodución que se empreguen na silvicultura sexa fenotípica e xeneticamente de calidade, ademais de adecuarse ás condicións do medio en que se empregan; así como garantir nos procesos de produción e comercialización a identificación dos materiais forestais de reprodución.

Mediante este decreto, regularase o sistema de control e de comercialización co fin de ofrecer garantías suficientes, tanto ás persoas intermediarias, como ás destinatarias finais dos materiais forestais de reprodución, así como a súa identificación e calidade para que respondan a criterios legalmente establecidos.

As actividades que controlarán os procesos de produción e de comercialización son a recolleita de froitos, sementes, plantas e partes de plantas; a extracción e acondicionamento de sementes; a xestión de campos de plantas nai para a obtención de materiais forestais de reprodución; a produción da planta e a comercialización de froitos e sementes, partes de planta e plantas.



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 220.000 EUROS NO ACONDICIONAMENTO E EQUIPAMENTO DA ESCOLA INFANTIL DE BUEU

- *O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Bueu*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Bueu polo que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achegará un total de 221.629 euros para o acondicionamento e dotación de equipamento da escola infantil deste municipio.

O orzamento para o acondicionamento da escola e para o seu equipamento é de 277.036 euros, dos cales a Xunta asume o 80 por cento, cunha achega económica de 221.629 euros, mentres que o concello achega o 20 por cento restante, que ascende a 55.407 euros.

Esta nova escola infantil pasará a formar parte da Rede de Escolas Infantís Galescola que está a impulsar a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e que implica a posta en marcha de 121 centros de atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos en Galicia e participará dos plans e proxectos de mellora da calidade que se leven a cabo.

Unha vez creado, e en virtude do convenio asinado, o centro pasará a integrarse no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dentro do cal se establecerán os mecanismos precisos para darlle un marco xeral financeiro estable de cara ao futuro. Así, a Xunta de Galicia comprométese a achegar cada ano un máximo do 40% para o sostemento deste servizo, correspondéndolle un mínimo do 30% aos concellos e outro tanto aos usuarios.



A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA FINANCIARÁ CON MÁIS DE 147.000 EUROS A CREACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CARBALLIÑO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio con este concello polo que asume o 80 por cento da construción do novo centro*

O Goberno galego investirá un total de 147.113 euros na creación dunha escola infantil no Carballiño. O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión desta mañá, a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar e este concello ourensán.

O orzamento para a creación desta escola infantil é de 183.891 euros, dos cales a Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar asume o 80 por cento, cunha achega económica de 147.113 euros, mentres que o concello achega o 20 por cento restante, que ascende a 36.778 euros.

Esta nova escola infantil pasará a formar parte da Rede de Escolas Infantís Galescola que está a impulsar a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e que implica a posta en marcha de 121 centros de atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos en Galicia e participará dos plans e proxectos de mellora da calidade que se leven a cabo.

Unha vez creado, e en virtude do convenio asinado, o centro pasará a integrarse no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dentro do cal se establecerán os mecanismos precisos para darlle un marco xeral financeiro estable de cara ao futuro. Así, a Xunta de Galicia comprométese a achegar cada ano un máximo do 40% para o sostemento deste servizo, correspondéndolle un mínimo do 30% aos concellos e outro tanto aos usuarios.



A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN DESTINARÁN DOUS MILLÓNS DE EUROS A FINANCIAR A ATENCIÓN SOCIOSANITARIA NA CASA DE GALICIA DE MONTEVIDEO

- *O Consello da Xunta de hoxe autoriza a sinatura dun convenio que anunciou o presidente da Xunta de Galicia na súa última viaxe a Uruguai*

A Consellería de Sanidade, a Secretaría Xeral de Emigración e Casa Galicia de Montevideo asinarán un convenio de colaboración para a prestación de atención sociosanitaria aos galegos e galegas residentes en Uruguai. O Consello da Xunta autorizou hoxe o texto deste convenio, que xa foi adiantado polo propio presidente da Xunta de Galicia na súa última viaxe a Uruguai.

En novembro do pasado ano a Casa de Galicia de Montevideo foi obxecto dunha intervención por parte do Goberno de Uruguai, ante a situación de crise económica que padecía o centro. Esta situación provocou que o Goberno galego, con vontade de apoiar e colaborar coa colectividade galega en Uruguai nesta institución, acordase participar, xunto co Goberno Uruguai e os representantes de Casa de Galicia, nunha mesa de traballo de carácter tripartito constituída para, entre outros obxectivos, manter a identidade do centro asistencial e buscar solucións para a viabilidade da Casa de Galicia. Concluídos os seus traballos, a intervención concluíu e a titularidade do hospital retornou á Casa de Galicia

O desenvolvemento do plan de viabilidade aprobado fai, pois, necesario, o establecemento de axudas concretas dirixidas á asistencia sanitaria, á reforma e ao mantemento de edificios e instalacións, así como a obras de nova planta e financiamento de liñas estratéxicas que se establecen no plan de viabilidade.

Para a prestación desta asistencia sociosanitaria precísase, polo tanto, levar a cabo un programa de reforma das súas instalacións e de renovación de equipamento e material sanitario, que se vai levar a cabo no período 2007-2009.

Grazas a esta colaboración posibilitarase a prestación da atención sociosanitaria ás persoas galegas e os seus descendentes residentes en Uruguai, que se atopan en situación de falta de cobertura real de asistencia sanitaria. A aplicación orzamentaria recolle un desenbolsa no antedito período de dous millóns de euros, 700.000 con cargo á Consellería de Sanidade e 1.300.000, que serán achegados pola Secretaría Xeral de Emigración.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL DE IMPLANTACIÓN DO PARADOR DE TURISMO DE MUXÍA

- *A posta en marcha do parador suporá un investimento de case 22 millóns de euros*
- *O proxecto sectorial será remitido ao Goberno central para a súa construción e dotación orzamentaria*
- *O parador de Muxía terá catro estrelas e 90 cuartos, cunha superficie construída de 12.150 metros cadrados*
- *O parador ofrecerá servizos de ximnasio, hidroterapia e spa*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o proxecto sectorial de implantación do Parador de Turismo de Muxía, que será remitido ao Goberno central para a súa construción e dotación orzamentaria. A Consellaría de Innovación e Industria tramitou o expediente do proxecto sectorial, que xa ten informes favorables dos distintos departamentos da Xunta, como as consellerías de Política Territorial, Pesca e Medio Ambiente, así como da Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente.

Segundo o proxecto sectorial aprobado polo Consello da Xunta, a posta en marcha do Parador de Turismo precisará dun orzamento de 21.917.422 euros, dos cales Turespaña achegará 20 millóns e as administracións autonómica e local os 2 millóns restantes. O proxecto recolle a convocatoria, por parte do Estado, dun concurso público para as obras do parador, que se localizará na punta Lourido do concello muxián, un espazo integrado na Rede Natura.

Por este motivo, e para preservar o alto valor ecolóxico do espazo escollido, o proxecto sectorial terá especial coidado na intervención arquitectónica de cara a minorar o impacto paisaxístico da construción.

O parador de Muxía terá catro estrelas e 90 cuartos e terá unha superficie construída de 12.150 metros. Ademais, o contorno do establecemento ocupará 115.080 metros cadrados destinados a espazos libres e zonas verdes. O parador ofrecerá servizos de ximnasio, hidroterapia e spa e terá un aparcadoiro con capacidade mínima para 200 prazas.

Con este novo parador, a Comunidade Autónoma de Galicia sumará 12 recintos dentro da rede estatal, dado que o de Muxía engrosará a listaxe en que actualmente xa figuran os de Santiago, Ferrol, Ribadeo, Vilalba, Monforte de Lemos, Verín, Tui, Baiona, Pontevedra, Cambados e Nogueira de Ramuín que, en conxunto, ofrecen 676 cuartos, aos cales se sumarán os 90 do novo recinto, co que a comunidade autónoma totalizará 756 cuartos.



A XUNTA DECLARA A UTILIDADE PÚBLICA DUNHA ZONA DE MONTE VECIÑAL DO CONCELLO DE MONTERREI PARA A INSTALACIÓN DUNHA LIÑA DE MEDIA TENSIÓN E DUN CENTRO DE TRANSFORMACIÓN E REDE DE BAIXA TENSIÓN

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería do Medio Rural, declarou a prevalencia de utilidade pública do proxecto de liña aérea de media tensión, centro de transformación e rede de baixa tensión de Guimarei, sobre a do monte *Guimarei* pertencente á comunidade de montes veciñais en man común de *Esfarrapa e Guimarei*, no concello de Monterrei, promovido por Unión Fenosa Distribución.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ratificou o informe positivo da delegación provincial do Medio Rural, elaborado despois de que se lle comunicara o expediente á comunidade afectada, que manifestou o seu acordo coa execución deste proxecto de interese eléctrico.

No informe destácase que a superficie de afección é de 3.187 m² e a instalación proxectada sería compatible co uso do monte, utilizado para pastoreo, fundamentalmente.

Este trámite é preceptivo para a execución de actuacións que deben levar anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos neles comprendidos para os efectos da súa expropiación forzosa. Ademais, exíxese a declaración expresa da Xunta para a expropiación dos montes veciñais en man común por causa de utilidade pública ou interese social prevalente ás do propio monte.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E A UNIVERSIDADE DE VIGO AVALIARÁN O IMPACTO AMBIENTAL QUE PRODUCEN AS ACTIVIDADES REALIZADAS POLA COMUNIDADE UNIVERSITARIA NOS CAMPUS

- *Entre as actuacións previstas atópase determinar a “pegada ecolóxica” da universidade, que consiste en avaliar as emisións de CO₂ que se producen en diferentes actividades, ademais da posta en marcha dun programa sobre o emprego do transporte público e de eficiencia enerxética*
- *O estudo contará cun investimento de 100.000 euros que será financiado a partes iguais entre a consellería e a universidade, despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre ambos os organismos*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Universidade de Vigo analizarán o impacto ambiental que producen as actividades realizadas pola comunidade universitaria nos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre ambos os organismos, que permitirá avaliar as emisións de CO₂ que se producen na universidade, e así levar a cabo actuacións axeitadas para a súa redución, ademais de elaborar un programa de eficiencia enerxética e sobre o uso do transporte público.

O convenio para a análise do impacto ambiental da Universidade de Vigo contará cun investimento de 100.000 euros, que será financiado a partes iguais entre a Consellería de Medio Ambiente e a universidade, cunha achega de 50.000 euros por cada organismo. O seu obxectivo é desenvolver unha serie de actuacións encamiñadas a promover e consolidar as pautas de sustentabilidade na universidade, entre as cales atopan a elaboración da súa “pegada ecolóxica” .

Pegada ecolóxica

A “pegada ecolóxica” representará o custo que supón para o ambiente o modelo de vida que se desenvolve na comunidade universitaria. A metodoloxía de cálculo baséase na estimación das emisións de CO₂ asociadas a diferentes actividades que se realizan na universidade, tendo en conta tamén o consumo de recursos como electricidade, gasóleo, auga e papel, e os indicadores de mobilidade, que representan as emisións de CO₂ que producen os desprazamentos habituais nos campus. Os datos obtidos expresaranse en hectáreas por persoa e ano, o que permitirá representar a extensión de terreo en Galicia que sería necesaria para asimilar ditas emisións.

Entre as accións previstas no convenio tamén se inclúe a posta en marcha dun programa sobre o transporte público e o seu uso para desprazamentos por parte dos membros da comunidade universitaria, que consistirá na avaliación do uso que se fai e as propostas para reducir os impactos ambientais que producen estes desprazamentos.



Así mesmo, realizarase un programa de eficiencia e sustentabilidade enerxética (ESE) nos tres campus da Universidade de Vigo. O obxectivo deste programa é a implantación de enerxías renovables nas edificacións e a incorporación de medidas para a redución do consumo. As accións que se realizarán neste punto inclúen a climatización nas dependencias dos campus, a integración das enerxías renovables, así como o investimento en mellora da eficiencia na iluminación; en instalacións solares térmicas nos pavillóns deportivos e na instalación de farolas fotovoltaicas nos campus de Vigo e Ourense.



MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 1,5 MILLÓNS EN OBRAS HIDRÁULICAS NOS CONCELLOS CORUÑESES DE BRIÓN, VEDRA E BERGONDO

- *No concello de Brión, a Consellería de Medio Ambiente achegará 661.531 euros para obras de saneamento e abastecemento de auga en Rial e outros núcleos do municipio*
- *En Vedra está previsto realizar un investimento de 453.503 euros para o abastecemento a pequenos núcleos de poboación, na súa segunda fase*
- *A mellora das redes de saneamento na zona de Lubre, na súa primeira fase, conta cun orzamento de 411.263 euros*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 1.526.298 euros en obras hidráulicas nos concellos coruñeses de Brión, Vedra e Bergondo. Os proxectos de mellora de abastecemento e saneamento nos núcleos rurais do municipio serán financiados na súa totalidade a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a colaboración entre a consellería e os respectivos concellos para a execución das obras.

Brión

A Consellería de Medio Ambiente investirá 661.531 euros na execución de redes de saneamento e abastecemento de auga en Rial e outros núcleos do concello de Brión. O proxecto previsto ten un prazo de execución de seis meses e consistirá na instalación dunha rede de saneamento que conectará coa principal, sita no núcleo de Rourís. Aproveitando a súa construción procederase á adecuación e limpeza dos tramos xa existentes. A rede de abastecemento alimentarase dun depósito de 500 metros cúbicos, e conectarase á xa existente, ao seu paso por Tembra.

Vedra

No concello de Vedra está previsto executar a segunda fase da rede municipal de abastecemento, que estará alimentada dende a rede existente no concello de Boqueixón. O sistema de abastecemento proxectado está formado por un depósito prefabricado de 1.036 metros cúbicos de capacidade. O investimento previsto para esta obra é de 453.503 euros e o prazo de execución é de seis meses.

Bergondo

Medio Ambiente investirá 411.263 euros na execución da primeira fase do saneamento na zona de Lubre, no municipio de Bergondo. A obra, que se executará no prazo de oito meses, permitirá dar servizo a un núcleo de 1.235 habitantes, que na actualidade carecen del.



O proxecto inclúe a instalación de dous colectores xerais de PVC e un bombeo de augas residuais que evacuará a un dos colectores da EDAR de Gandarío, que ten previsto acometer en breve a Consellería de Medio Ambiente. O bombeo instalarase na zona de Cambade.



AUGAS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORAN NA REALIZACIÓN DUN ESTUDO SOBRE A CALIDADE DAS AUGAS SUPERFICIAIS DOS RÍOS DA DEMARCACIÓN GALICIA COSTA

- *A administración hidráulica destinará 241.000 euros ao desenvolvemento deste estudo, que se realizará mediante un convenio de colaboración cuxa sinatura foi autorizada hoxe polo Consello*
- *O estudo permitirá calcular o índice de calidade das augas dos ríos e clasificar as augas segundo as directivas europeas*

Augas de Galicia, o organismo autónomo da Consellería de Medio Ambiente, e a Universidade de Santiago (USC) realizarán un estudo sobre a calidade das augas superficiais nos ríos da demarcación Galicia Costa, na cal ten competencias a administración autonómica. O estudo contará cun investimento de 241.000 euros por parte de Aguas de Galicia, e realizarase mediante un convenio de colaboración entre ambos os organismos, cuxa sinatura autorizou hoxe o Consello da Xunta.

Este convenio dará continuidade á colaboración que manteñen nesta materia Augas de Galicia e o departamento de Química Física da Universidade dende o ano 2005. Nesta ocasión o estudo abordarase dun xeito máis amplo que os anteriores, a fin de que permita determinar o estado das augas dos ríos da demarcación Galicia Costa e a súa clasificación, para o cumprimento das distintas directivas en materia de calidade das augas.

Para obter información sobre a evolución temporal da calidade das augas superficiais galegas realizaranse tomas de mostras mensuais en cada unha das estacións da rede de control de calidade dos ríos de Galicia Costa. Nestas mostras analizaranse preto de 30 parámetros fisicoquímicos e microbiolóxicos que permitan calcular índices de calidade e tamén clasificar as augas segundo as distintas directivas europeas: augas de abastecemento, augas destinadas á vida dos peixes e augas de baño.

A toma de mostras realizarase en 140 puntos ou estacións de mostraxe, distribuídas en catro redes: a rede de control de tramos piscícolas, OSPAR e complementaria; a rede de control de captacións de Galicia Costa; a rede de control de augas de baño e a rede de pequenos encoros. As análises incluírán a determinación de parámetros fisicoquímicos maioritarios nas augas, así como a determinación de materiais pesados tóxicos, os índices biolóxicos, estudos sobre macroinvertebrados e flora vascular, e do estado ecolóxico.



Cos resultados obtidos elaborárase un mapa de calidade das augas superficiais galegas no cal se determinarán aqueles puntos en que se produzan impactos contaminantes fortes, analizando as causas desta mala calidade das augas e propondo medidas correctoras.



MEDIO AMBIENTE APROBA O PROXECTO, CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DOS COLECTORES E DEPURADORA DE PONTE DO PORTO, NO CONCELLO DE CAMARIÑAS, QUE CONTA CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 7,4 MILLÓNS

- *A nova planta dará servizo a unha poboación de 5.000 habitantes*
- *A actuación conta cun prazo de execución de 12 meses, aos cales hai que engadir tres máis para a redacción do proxecto; e a explotación das instalacións por 20 anos*
- *No que vai de ano xa se licitaron 11 depuradoras (incluída a de Ponte do Porto), que suman un orzamento de 62 millóns de euros; e antes de que acabe o ano está previsto que se liciten 9 máis*

O consello da Xunta deu hoxe luz verde ao contrato de concesión de obra pública para a redacción do proxecto, execución e explotación da depuradora de Ponte do Porto, no Concello de Camariñas (A Coruña)

Trátase dunha das 20 depuradoras que o Goberno galego vai licitar antes de que remate o ano coa finalidade de dar cumprimento á Directiva da Unión Europea que obriga aos núcleos de máis de 2.000 habitantes a dispor de redes de saneamento.

No que respecta a EDAR de Ponte do Porto, trátase dunha planta que dará servizo a unha poboación de 5.000 habitantes equivalentes; é dicir, que se concibe tendo en conta as previsións de crecemento poboacional desta área. A actuación conta cun orzamento de 7.454.132 euros, e inclúe a construción dunha rede de colectores xerais, que se conectarán coa futura estación depuradora.

As obras para a construción das novas infraestruturas de saneamento nesta localidade teñen un prazo de 12 meses, aos cales hai que engadir 3 máis para a elaboración e presentación do proxecto definitivo. Así mesmo, o documento aprobado hoxe recolle a cesión da explotación das instalacións por 20 anos.

Plan de Saneamento

Coa de Ponte do Porto, no concello de Camariñas, son xa 11 as depuradoras que a Consellería de Medio Ambiente leva licitado este ano, no marco do plan de saneamento máis ambicioso que o Goberno galego ten acometido nunca. A posta en marcha deste programa ten como finalidade dar cumprimento á directiva da Unión Europea que obriga aos núcleos de máis de 2.000 habitantes a dispor de sistemas de saneamento. As nove que restan por licitar están pendentes da posta á disposición de terreos por parte dos concellos ou da resolución de documentación administrativa para a súa aprobación antes de que acabe o ano.



DEPURADORAS LICITADAS EN 2007:

En concellos do interior:

1. Santiago de Compostela (Aríns): adxudicada. 2,2 millóns de euros
2. Arzúa: adxudicada. 2,6 millóns de euros
3. O Carballiño. Licitada. 6,4 millóns de euros

En rías:

4. Fisterra: adxudicada. 1,2 millóns de euros
5. Bergondo (Gandarío). Licitada. 3 millóns de euros
6. Catoira. Licitada. 2,1 millóns de euros
7. Carral-Abegondo: Licitada. 3 millóns de euros
8. Muros (Esteiro). Licitado. 7 millóns de euros
9. Baiona. Licitado. 24,9 millóns de euros
10. Xove (Palmeiro). Licitada. 1,7 millóns de euros
11. Ponte do Porto (Camariñas). 7,4 millóns de euros

DEPURADORAS QUE ESTÁ PREVISTO APROBAR EN 2007:

1. Ares-Fene-Mugardos (depuradora zona sur Ferrolterra). 87,2 millóns de euros (licitarase no vindeiro consello da Xunta)
2. Malpica de Bergantiños. 2,6 millóns de euros.
3. Ponteceso-Corme. 1, 4 millóns de euros
4. As Pontes. 5,7 millóns de euros
5. Ribeira. 45 millóns de euros
6. Ribadeo. 19,6 millóns de euros
7. O Grove. 25,6 millóns de euros
8. Santa Comba. 3,2 millóns de euros
9. Raxó-Sanxenxo. 4 millón de euros



A XUNTA LICITARÁ POR 6,45 MILLÓNS DE EUROS A CONSTRUCCIÓN DE 52 VIVENDAS PROTEXIDAS NO CONCELLO DE OURENSE E A URBANIZACIÓN DO SEU CONTORNO

- *As vivendas distribuiranse en dous edificios concibidos como sostibles que incorporan novas tecnoloxías de aforro enerxético e sistemas para o aproveitamento das augas*
- *Este investimento foi aprobado polo Consello da Xunta na súa xuntanza de hoxe*

A Consellería de Vivenda e Solo licitará por 6.455.486 euros a construción de 52 vivendas protexidas no barrio de Covadonga en Ourense e a urbanización do seu contorno. Este investimento foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta por proposta do Departamento autonómico.

As 52 vivendas de promoción pública – VPP – de Covadonga incorporarán sistemas de enerxías alternativas e solucións que permitan un maior aforro enerxético. Ademais, o proxecto recolle un tratamento flexible do espazo interior, o que permitirá que as vivendas se adapten aos cambios que poidan ir experimentando as unidades familiares.

As vivendas distribuiranse en dous edificios con baixo e catro plantas. O primeiro dos edificios albergará un total de 24 vivendas, seis vivendas por planta, 18 serán de tres dormitorios, dúas delas adaptadas para minusválidos, e seis vivendas serán de catro dormitorios. O segundo dos edificios terá un total de 28 vivendas, sete vivendas por planta, catro delas serán de dous dormitorios e as 24 restantes terán tres dormitorios. A superficie útil das vivendas oscilará entre os 60 e os 90 m² en función do número de dormitorios. Todas as vivendas disporán de rocho e praza de garaxe.

Trátase de vivendas de promoción pública destinadas a rendas cuns ingresos ponderados de ata 2,5 veces o Indicador Público de Efectos Multiplicadores –IPREM, é dicir, que non superen os 15.000 euros anuais.

Edificios sostibles

Os dous edificios que albergarán as 52 vivendas serán edificios sostibles. Nese sentido, para o funcionamento enerxético dos edificios instalaranse placas solares na cuberta para o aproveitamento da enerxía solar que proporcionará calor ás vivendas, e, no que se refire á refrixeración, empregaranse carpinterías ventiladas, un bo illamento e dobre cuberta, para intentar substituír o aire acondicionado por outros recursos naturais.

No que atinxe ao consumo de auga, o proxecto considera a instalación dun sistema de redes separativas de desaugamento das vivendas, que permitirá o aproveitamento



das augas brancas e grises para a rega e limpeza de garaxes ou zonas comúns. Ademais, na construción das vivendas empregaranse aqueles materiais que xeren menos residuos sólidos na súa posta en obra, e aqueles que non teñan requirido procesos contaminantes no seu tratamento, tales como madeiras brandas, conglomerados ou metais reciclados.

O proxecto con base no que a Consellería de Vivenda e Solo construíra as 52 vivendas no barrio de Covadonga tamén segue criterios de sustentabilidade no deseño espacial de cada unha das vivendas, así por exemplo, todos os cuartos serán exteriores, o que permitirá aproveitar a luz natural e producir un menor consumo eléctrico.

Unha vez autorizado por parte do Consello da Xunta o investimento de 6,45 millóns de euros para a construción das 52 vivendas protexidas en Ourense, a Consellería de Vivenda e Solo prevé licitar as obras antes de que remate o ano.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO SUBVENCIONA CON 222.300 EUROS A ADQUISICIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA PARA 5 FAMILIAS DO POBOADO CHABOLISTA DE NAZARET-O CARQUEIXO DE LUGO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Lugo para a adquisición de 5 vivendas*
- *As vivendas serán cedidas en réxime de aluguer durante 2 anos, transcorrido este prazo e acreditada a súa integración social poderán optar á propiedade*

A Consellería de Vivenda e Solo subvenciona con 222.300 € a adquisición de vivendas protexidas destinadas ao realoxo de 5 familias que viven no poboado chabolista de Nazaret-O Carqueixo, no municipio de Lugo. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello para a adquisición de 5 vivendas para estas familias.

O Departamento Autonómico subvenciona o 65% do prezo total das cinco vivendas, que ascende a 342.000 €. O resto do importe, 119.700 € que supoñen o 35%, será achegado polo Concello.

As vivendas adquiridas serán cedidas a estas 5 familias en réxime de aluguer durante 2 anos. Unha vez transcorrido este prazo e acreditada a súa integración social as familias poderán optar á propiedade das vivendas deducíndose a subvención do prezo de venda. O Concello de Lugo encargárase do seguimento dos programas de integración.

O Concello tamén se compromete a derrubar as chabolas nas que viven estas familias na actualidade e a sanear os terreos a través da recollida de entullos e limpeza do solar.

Este convenio asínase ao abeiro da Lei 5/1989 do 24 de abril de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. A orde da Consellería de Vivenda e Solo, do 21 de xullo de 2006 de subvencións aos concellos, establece que se poderá subvencionar a adquisición de vivendas novas ou usadas por parte das entidades locais coa finalidade de realoxar aos residentes de chabolas. A subvención da Consellería poderá acadar ata o 80% do prezo da vivenda.

Esta orde tamén recolle subvencións para que o propio chabolista adquira unha vivenda, nova ou usada, ou promova el mesmo a construción da súa vivenda. No primeiro caso a subvención pode acadar ata o 30% do prezo de compra e no segundo caso ata o 50% do orzamento protexible de construción da vivenda.



GALICIA CONTA HOXE CON MÁIS MECANISMOS XURÍDICOS, MELLOR PLANIFICACIÓN DA EMERXENCIA E UN MAIOR VOLUME DE MEDIOS PARA LOITAR CONTRA A CONTAMINACIÓN MARIÑA

- *O Goberno galego e o español impulsaron a aprobación de novas normas comunitarias e internacionais encamiñadas a reducir o risco e a incrementar a seguridade marítima*
- *Déronse importantes pasos no terreo da planificación mediante a posta en marcha do Plan Nacional de Salvamento Marítimo 2006-2009 e do Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña*
- *A Comunidade está dotada na actualidade con máis e mellores medios materiais e con máis persoal cualificado para facer fronte a emerxencias por contaminación mariña*
- *O Servizo de Gardacostas dispón de dúas embarcacións maiores, dous helicópteros e numerosos medios terrestres*
- *Salvamento Marítimo multiplicou por trinta a súa capacidade de recollida de residuos no mar, pasando de 80 metros cúbicos en 2004 a 2403 a finais de 2006, coa incorporación do buque polivalente 'Don Inda' con base en Corcubión*
- *O pasado febreiro entrou en funcionamento a aeronave 'Rosálía de Castro', con base en Santiago de Compostela para facer labores de vixilancia marítima*

Galicia conta na actualidade con máis mecanismos xurídicos, unha mellor planificación da emerxencia e un maior volume de medios e recursos para loitar contra a contaminación mariña que cando se produciu o accidente do *Prestige*, o cal permitiría unha resposta eficaz ante unha desfeita similar. Así se desprende do informe elevado hoxe ao Consello da Xunta pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no que se dá conta das actuacións desenvolvidas en materia de prevención e loita contra a contaminación mariña.

Consonte o devandito informe, se avanzou en tres niveis de resposta: o xurídico, o de planificación de emerxencia e o de dotación de medios para a prevención e para a loita contra a contaminación.

No eido xurídico, tanto a Xunta de Galicia como a Administración xeral do Estado deron importantes pasos, a través da aprobación de normas estatais e o impulso cara á aprobación de normas comunitarias e internacionais que procuran a redución do risco e o incremento da seguridade marítima.



Así, dentro da normativa estatal destaca a aprobación das normas que melloraron as percepcións económicas establecidas polo anterior Goberno de España en concepto de indemnizacións aos afectados do *Prestige*. Así mesmo, aprobouse un Real Decreto que dita as normas para a execución do Convenio Internacional sobre a responsabilidade civil derivada de danos debidos á contaminación das augas do mar por hidrocarburos, establecendo a obriga dun seguro con garantía financeira para cubrir a responsabilidade por danos causados por contaminación. Tamén se aprobou a creación do CEPRECO (Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral).

No marco da normativa europea, o Goberno de España impulsou a adopción de normas xa aprobadas e pulou a prol da adopción doutras que se atopan agora mesmo en fase de proxecto, como son: a Directiva do Parlamento Europeo relativa aos residuos, que ademais de garantir a eliminación dos residuos fixa o obxectivo de promoción das tecnoloxías limpas, a reciclaxe e reutilización de produtos; a relativa á contaminación causada por determinadas substancias perigosas vertidas no medio acuático da Comunidade Europea; a referente á contaminación procedente de buques e á introdución de sancións para as infraccións; o Regulamento da Comisión Europea polo que se crea o Comité de seguridade marítima e prevención da contaminación por buques (COSS).

Xunto con isto, tamén a UE ten acelerado o proceso de retirada de buques monocasco (fixando 2010 como data tope), e prohibiu o pavillón europeo e o acceso a porto de países membros da Unión de buques monocasco de máis de 600 Tn de peso morto, xunto con outras medidas preventivas complementarias.

Eficacia na resposta á emerxencia

No terreo da planificación, actualmente existen dous instrumentos fundamentais para dar resposta a unha posible emerxencia causada pola contaminación mariña: o Plan Nacional de Salvamento Marítimo 2006-2009 e o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña aprobado polo Consello da Xunta o 16 de novembro de 2006. Estas dúas iniciativas planifican de xeito coordinado os medios e recursos da Administración Xeral do Estado e da Xunta para unha resposta eficaz que utilice axeitadamente o conxunto dos recursos humanos e materiais.

En concreto, o Plan Territorial de Continxencias creou o CECOP ou Centro de Coordinación Operativa como órgano de dirección do Plan, que funciona baixo a dirección do conselleiro de Presidencia e que conta coa colaboración dun consello asesor integrado por representantes dos diferentes departamentos da Xunta con competencias na materia.



Por outra banda, créase unha Unidade de Apoio Loxístico, dependente da Consellería de Política Territorial; un Grupo Operativo de Protección Civil, dependente da Consellería de Presidencia; un Grupo Operativo de Resposta en Terra, liderado por membros da Consellería de Medio Ambiente; e un Grupo Operativo de Resposta en Mar dirixido pola Consellería de Pesca.

Pola súa banda, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR) e Meteogalicia pasan a estar integrados no Plan Territorial de Continxencias como oficinas dependetes da Xunta.

Incremento de medios

No tocante aos medios materiais e á mellora da dotación de persoal, durante os cinco anos posteriores á catástrofe do *Prestige* téñense producido avances moi significativos cos que se ten elevado o nivel de resposta, xa que no momento en que se produciu o accidente Galicia són contaba con dous buques fletados para tarefas de salvamento.

Polo que respecta aos medios propios da Xunta, o Servizo de Gardacostas de Galicia foi dotado dunha base loxística de loita contra a contaminación con base no porto de Tragove (Cambados). Así mesmo, a dotación de buques do Servizo de Gardacostas inclúe na actualidade o buque remolcador *Sebastián de Ocampo* e o buque de apoio *Irmáns García Nodal*. A dotación complétase con 21 embarcacións menores, e, como medios aéreos, dous helicópteros, ademais de numerosos medios terrestres.

En relación cos medios de titularidade estatal, destaca o Plan Nacional de Salvamento 2006-2009, que supón un investimento de 1.022,84 millóns de euros, e que constitúe unha mellora substancial con respecto á situación anterior. Deste xeito, en decembro de 2006 incorporouse á flota de Salvamento Marítimo o buque polivalente *Don Inda* con base en Corcubión, que permitiu multiplicar por trinta a capacidade recollida de residuos deste organismo, pasando dos 80 metros cúbicos de 2004 ata 2.403,8 a finais de 2006.

Paralelamente, en febreiro de 2007 incorporouse tamén a aeronave *Rosalía de Castro*, con base en Santiago, para a realización de labores de vixilancia marítima. Ao finalizar o Plan, no ano 2009, a zona de actuación marítima de Galicia de Salvamento Marítimo disporá ademais de 9 embarcacións rápidas, 2 remolcadores propios, 1 base estratéxica de 18.000 metros cadrados, unha base permanente de actuación subacuática e un helicóptero de salvamento.

Por último, está previsto que a capacidade de recollida de residuos no mar de Salvamento Marítimo chegue ao final do Plan aos 7.300 metros cúbicos no seu conxunto.



Inspección do *Prestige* e tratamento dos residuos

O informe avaliado hoxe no Consello da Xunta tamén dá conta da actuación de inspección realizada no pecio do *Prestige* o pasado mes de setembro a petición do propio presidente da Xunta. Esta operación permitiu determinar que a cantidade de fuel que saía do pecio era irrelevante a xuízo dos pecios, a pesar do que se ordenou á empresa responsable que procedese a unha operación de selado dos puntos nos que se producía a fuga.

En relación co tratamento dos residuos do *Prestige*, o Goberno galego fíxose cargo da xestión, subscribindo un novo convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Sogaris coa seguinte dotación plurianual: 4,5 millóns de euros en 2006; 8,7 millóns en 2007 e 4,2 millóns en 2008. Está previsto o inicio inmediato do tratamento das toneladas de fuel depositadas en Sogaris a efectos de culminar o proceso o vindeiro ano.

FLOTA MARÍTIMA	2004	2009	Incremento %
Embarcacións Salvamar propias	40 uds	55 uds	38%
Embarcacións rápidas polivalentes propias	0 uds	10 uds	
TOTAL EMBARCACIÓNS RÁPIDAS	40 uds.	65 uds.	63%
Remolcadores propios	3 uds.	10 uds.	233%
Remolcadores fletados	9 uds.		
Buques polivalentes de LCC propias	0 uds.	4 uds.	
TOTAL REMOLCADORES E POLIVALENTES	12 uds.	14 uds.	17%
Incremento capacidade de recollida	80 m3	7.300 m3	Multiplícase por 90
Incremento	800 tons.	1.400 tons	75%



potencia de remolque			
----------------------	--	--	--

FLOTA AÉREA	2004	2009	Incremento
Helicópteros	5 uds.	10 uds.	Duplicase
Aeronaves á fixa	0 uds.	4 uds.	
Aeronaves SEMASA		4 uds.	Provisionais
HELICÓPTEROS	2004	2009	Incremento
Helicópteros	5 uds.	10 uds.	Duplicase
▪ Propios	0 uds.	8 uds.	80% propios
▪ Fletados	5 uds.	2 uds.	
Nova construción	0 uds.	8 uds.	
Idade media dos helicópteros	31 anos	7 anos (incluíndo fletados)	4 veces máis novos



O 84 POR CENTO DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PLAN DE DINAMIZACIÓN DA COSTA DA MORTE ESTÁN EN EXECUCIÓN OU EN TRAMITACIÓN

- *O Plan, aprobado polo Goberno galego o pasado ano con vixencia ata 2010, prevé investimentos por máis de 524 millóns de euros*
- *O 12 por cento das iniciativas recollidas no proxecto de recuperación da comarca xa están rematadas*
- *Dentro da Vía de Alta Capacidade da Costa da Morte será adjudicada de xeito inminente o treito Carballo-Berdoias, por importe de 249,5 millóns de euros dos 341,5 do investimento total*
- *Este treito, de 42,2 quilómetros, representa o 68,6% do total do trazado e o 73% do investimento nesta vía*
- *A ampliación do peirao de Brens suporá un investimento superior aos 17 millóns de euros, o maior acometido polo Goberno nos portos xestionados pola autonomía*
- *O inicio das obras dos parques empresariais de Vimianzo e Carballo, e as actuacións en Muros e Malpica permitirán que en 2008 haxa 1 millón de metros cadrados de solo industrial dispoñibles na comarca*
- *A Xunta aprobou o proxecto sectorial de implantación do Parador de Muxía, que suporá un investimento de 22 millóns de euros*
- *Medio Ambiente aproba a depuradora de Ponte do Porto, en Camariñas, por un importe de máis de 7,4 millóns*
- *O Goberno galego investiu en dous anos 16,5 millóns de euros no fomento de emprego na Costa da Morte aos que se sumará unha cantidade similar en 2008*

O 84 por cento das actuacións previstas no Plan da Costa da Morte están actualmente en execución ou en tramitación, mentres que un 12 por cento están xa rematadas. Así se recolle no informe de seguimento do proxecto que a Consellería de Economía e Facenda puxo esta mañá a coñecemento do Consello da Xunta.

O Plan da Costa da Morte 2006-2010, dotado con 524 millóns de euros, está concibido como a planificación e coordinación dun conxunto de máis de 190 actuacións nesta comarca co obxectivo de equiparala coas zonas máis desenvolvidas de Galicia. O proxecto recolle actuacións en 19 municipios da Costa da Morte, que supoñen o 6,7% da superficie total de Galicia e nos que reside un total de 146.907 persoas, é dicir, o 5,3% da poboación total da comunidade.

Os principais eixes de actuación deste Plan, que prevé un investimento de 3.568 euros de media por habitante, son a formación do capital humano e as políticas de emprego; a dotación de capital físico; e a dinamización do crecemento económico. Destas tres liñas de actuación é a referente ás infraestruturas físicas a que está a levar



a maior parte do investimento, un total de 388 millóns de euros, que se distribúen entre a construción e mellora das vías de transporte, actuacións ambientais, equipamentos sociais e vivenda e solo empresarial.

A principal actuación neste apartado, cunha dotación de 341,5 millóns de euros, é a Vía de Alta Capacidade Carballo-Cee, o chamado corredor da Costa da Morte, que inclúe o acceso ao porto de Brens e cuxas obras se prevé que comecen o vindeiro ano. O treito Carballo-Berdoias está xa en licitación, por un importe de 249,5 millóns de euros. Este treito, de 42,2 quilómetros, e que representa o 68,6% do total do trazado e o 73% do investimento nesta vía, será adxudicado de xeito inminente.

A proposta deseñada pola actual Xunta de Galicia para a Costa da Morte supón unha substancial mellora sobre as previsións do anterior Executivo xa que estipula unha estrada de nova construción libre de peaxe con características de corredor en todo o trazado, desde Carballo ata Cee. Na práctica, este cambio supón que poderá desdoblarse en autovía no momento en que os niveis de tráfico así o requiran. Cómpre lembrar que fronte aos 25,4 kms de corredor previstos polo anterior goberno, a Xunta de Galicia asume agora a construción de máis de 56 kms. O estado dos diferentes treitos nos que se subdivide esta actuación é o seguinte:

- **Circunvalación de Carballo**

Construción a cargo da Xunta de Galicia con características de VAC. Lonxitude de 6,5 kms. Orzamento estimado de 11,1 millóns. Actualmente está en información público do estudo informativo

- **Treito Carballo- Berdoias**

Construción en réxime de concesión. O treito Carballo-Baio acometerase desde o primeiro momento como autovía, mentres que o treito Baio-Berdoias se acometerá como corredor, co compromiso de desdoblalo en autovía no momento en que o volume de tráfico así o requira ou, en calquera caso, no horizonte de 2018. A lonxitude total é de 42,2 kms. O investimento é de 249,56 millóns de euros. Actualmente foi licitada a concesión e estanse analizando as plicas.

- **Treito Berdoias-Cee**

Construción a cargo da Xunta de Galicia con características de corredor. Lonxitude de 8 kms, cun orzamento de 33 millóns de euros. Actualmente en estudo informativo.

- **Variante Cee-Sardiñeiro**

Construción a cargo da Xunta de Galicia. Vía de alta capacidade de 4,9 kms, e un orzamento de 12,9 millóns de euros. Actualmente en redacción do proxecto construtivo.

- **Variante Cee-Brens**



Construción a cargo da Xunta de Galicia. Corredor e VAC. O primeiro tem 6 kms e o segundo, 3 kms. O orzamento é de 35 millóns de euros. Actualmente estanse a analizar as alegacións ao estudo informativo.

O informe avaliado hoxe polo Goberno galego dá conta tamén de actuacións de mellora e ampliación realizadas, entre outros, nos portos de Fisterra, Laxe e Muros, por un total de 5 millóns de euros. Ademais, están en execución ou pendentes de consolidar investimentos por 20 millóns de euros na ampliación do peirao de Brens, nas instalacións náutico-deportivas en Muxía e no dique de abrigo de Camelle, en Camariñas.

A este respecto, cómpre salientar que as obras no peirao de Brens, cun investimento superior aos 17 millóns de euros, supoñen o maior esforzo investidor acometido polo Goberno galego nos portos da súa titularidade.

No tocante ás actuacións ambientais, as depuradoras de Fisterra, Muros, Malpica, Ponteceso-Corme e Santa Comba supuxeron un investimento de 15,5 millóns, mentres que se investirá 7,5 millóns de euros na nova depuradora de Ponte do Porto, en Camariñas, hoxe aprobada. Ademais, está previsto desenvolver o Camiño Natural da Costa da Morte, composto por 216,8 quilómetros e ao que se destinarán 3 millóns de euros.

O Plan da Costa da Morte promoveu que, en dous anos, se reformasen 18 centros educativos dos 22 previstos, por importe de 2 millóns de euros, superando o investimento inicial. Outros 2 millóns de euros foron investidos nas actuacións nos centros de saúde de Coristanco, Muros e Fisterra, así como na reforma do de Buño, mentres que se prevé aínda o gasto de 2,5 millóns de euros en actuacións deste tipo. Neste apartado, o Hospital Virxe da Xunqueira de Cee rexistrou xa obras de mellora e de dotación de equipamento por 0,6 millóns de euros, e está previsto gastar outros 2,8 millóns.

En relación coa dotación de solo industrial na comarca da Costa da Morte, o informe presentado hoxe dá conta do inicio das obras nos parques empresariais de Vimianzo e Carballo, apoiados na nova Vía de Alta Capacidade, e que se completan con actuacións en Muros e Malpica, xa en licitación. O obxectivo é que en 2008 a Costa da Morte teña 1 millón de metros cadrados de solo industrial dispoñible.

48 millóns para o Plan de Emprego da Costa da Morte

O proxecto de dinamización da Costa da Morte prevé así mesmo o investimento de 48 millóns de euros para desenvolver un Plan de Emprego específico desta comarca, no que se recollen programas de cooperación para a contratación de desocupados,



dotados con 6,3 millóns; plans de formación ocupacional cun investimento de 2,7 millóns; e o gasto de 7,5 millóns de euros en obradoiros e axentes de emprego.

Nesta liña, consonte o informe coñecido hoxe polo Consello da Xunta, en dous anos o Goberno galego investiu máis de 16,5 millóns de euros no fomento do emprego na Costa da Morte, e de acordo cos orzamentos da Comunidade para 2008, o ano que vén destinaranse a esta materia outros 16,4 millóns de euros.

Dinamización económica

O Plan da Costa da Morte ten entre os seus obxectivos a dinamización económica da comarca, e con este fin a Xunta abriu liñas de financiamento especial para as empresas da zona, e de apoio a proxectos colaborativos empresariais e a iniciativas xeradoras de coñecemento por un importe de 3 millóns de euros.

Un dos sectores a potenciar na comarca da Costa da Morte é o turismo, para o cal, o Plan recolle a continuación co Plan de Dinamización Turística, e promove a creación do parador de turismo de Muxía, no que se investirán 22 millóns de euros, e cuxo proxecto sectorial recibiu esta mañá o visto e praxe.

Consonte o informe que hoxe coñeceu o Consello da Xunta, destacan as iniciativas para promover o sector acuícola e pesqueiro na Costa da Morte, zona na que o novo Plan Galego de Acuicultura prevé a creación ou ampliación de sete parques, cun investimento por parte das empresas de 126 millóns de euros. Trátase das plantas de Lira e Quilmas en Carnota; de Cabo Cee en Corcubión; de Marexo en Muxía; de Camelle e Xandriña en Camariñas e de Seiruga en Malpica.

Finalmente, o Plan da Costa da Morte motivou importantes actuacións no eido do Programa Estratéxico de Infraestruturas do Medio Rural (PEIM) por importe de 3,4 millóns de euros, incluíndo o recinto feiral en Santa Comba, o que representa máis do 79% do gasto previsto nesta materia. Ao tempo que, en materia de infraestruturas eléctricas, informouse de que, ao abeiro do Plan de calidade e plan de tarifas, se executaron investimentos por valor de 1,4 millóns de euros, coa previsión de continuar ampliando o plan no 2008.



MEDIO AMBIENTE RECUPERARÁ 216,8 QUILÓMETROS DE SENDEIROS NATURAIS NA COSTA DA MORTE, COS QUE PON EN VALOR O PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS, TERRA DE SONEIRA, FISTERRA E XALLAS-MUROS

- *A ruta disporá de 12 etapas, que discorren na súa maioría pola beira do mar e converxen co Camiño de Xacobeo. Enlazará elementos culturais, relixiosos e naturais e recuperará os que se atopan en estado de abandono o deteriorados*
- *A rehabilitación deste sendeiro suporá un investimento de 3 millóns de euros, que financiarán a Consellería e o Ministerio de Medio Ambiente*
- *O Camiño da Costa da Morte, cuxo estudo de viabilidade se presentou hoxe, forma parte dun convenio entre a Xunta e o Ministerio de Medio Ambiente que permitirá a recuperación de 800 quilómetros de sendeiros non motorizados en Galicia*

A Consellería e o Ministerio de Medio Ambiente recuperarán 216,8 quilómetros de sendeiros naturais nas comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Fisterra e Xallas-Muros. No día de hoxe, presentouse no Consello da Xunta o estudo de viabilidade para a execución do Camiño Natural da Costa da Morte, incluído dentro dun programa de recuperación de sendeiros non motorizados.

A ruta discorrerá entre os concellos de Laxe e Muros e terá unha extensión de 216,8 quilómetros, 56,8 máis dos previstos no convenio asinado inicialmente entre a Consellería e o Ministerio de Medio Ambiente, coa finalidade de poder recuperar e por en valor máis patrimonio natural e cultural desta zona.

A execución do camiño realizarase en cinco anos e suporá un investimento de 3 millóns de euros, que financiarán a Xunta e o Estado de xeito conxunto.

A ruta, que discorrerá na súa meirande parte pola beiramar e converxerá co Camiño Xacobeo, contará con 12 etapas, que permitirá a práctica do sendeirismo á maioría dos usuarios que o desexen. O camiño enlazará elementos culturais, relixiosos e naturais de maior relevancia e promoverá a recuperación dos que se atopan deteriorados ou en estado de abandono. O trazado, atravesará as comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Fisterra e Xallas-Muros, discorrendo por once concellos, que son os que seguen: Laxe, Camariñas, Vimianzo, Muxía, Cee, Fisterra, Corcubión, Dumbría, Mazaricos, Carnota e Muros. O eixo principal do camiño contará cunha lonxitude de 172,39 quilómetros, aos que hai que engadir 44,5, que corresponden aos seus distintos ramais.

O Camiño natural da Costa da Morte actuará como dinamizador turístico e favorecerá o desenvolvemento sostible da zona mediante a potenciación dos recursos económicos, fomento do emprego e o asentamento da poboación de orixe. Así



mesmo, a súa rehabilitación permitirá achegar aos usuarios unha zona con gran valor ecolóxico. Neste senso, cabe salientar que, dende o punto de vista ambiental, unha ampla porcentaxe da Costa da Morte se atopa en Rede Natura, sendo tres os espazos considerados Lugares de Interese Comunitario (LIC): Carnota-Monte Pindo, Monte e Lagoa de Louro e o LIC Costa da Morte.

Programa

O Camiño Natural da Costa da Morte é un dos catro que Xunta e Estado rehabilitarán conxuntamente ao longo dos vindeiros cinco anos co obxecto de pór en valor os sendeiros non motorizados de Galicia. Trátase dos camiños da Vía Nova, entre os parques naturais do Xurés e A Lastra (Ourense); do Interior, que conecta as calzadas romanas de Lugo e o mar cantábrico (Lugo), e o do Cantábrico, que discorre entre Cabo Ortegal (A Coruña) e Ribadeo (Lugo); ademais do xa citado na Costa da Morte. En total, suman arredor de 800 quilómetros de extensión.



JULIO FERNÁNDEZ MATO, NOVO SECRETARIO XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES

Nado en 1952, Julio Fernández Mato é licenciado en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid e tamén cursou estudos de Ciencias Políticas nesta mesma universidade. Así mesmo, é técnico de administración local e técnico superior da Administración Xeral da Comunidade de Madrid.

Julio Fernández Mato ten desempeñado distintas responsabilidades ao longo da súa traxectoria profesional. Entre os anos 1978-1979 exerceu como profesional da Avogacía en Talavera de la Reina (Toledo). Neste mesmo concello foi tenente de alcalde, presidente da Comisión de Facenda e delegado de persoal (1979-1981).

No período 1981-1983, como técnico de Administración xeral, exerceu como responsable de Persoal do Concello de Parla (Madrid) pasando, neste último ano e ata 1987 a ser técnico superior de Administración xeral da Comunidade de Madrid. De 1987 ata 1989, foi secretario xeral técnico da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia; e entre outubro de 89 e febreiro de 1990, director xeral do Instituto Galego da Vivenda e o Solo.

Julio Fernández Mato tamén ten desenvolvido a súa experiencia profesional en distintas empresas, sendo director xeral de expansión da Empresa Nacional Mercados Centrales de Abastecimiento, S.A. (MERCASA) en Madrid; presidente de Red Áreas Parque S.A.; e presidente executivo de TARSIS, S.A, tamén en Madrid.

Entre febreiro de 1993 e xuño de 1993 exerceu como xefe de servizo de Relacións Laborais do Servizo Rexional de Saúde da Comunidade de Madrid; entre 1996-1997 conselleiro de Benestar Social do Goberno da Junta de Comunidades de Castela A Mancha; entre 1997 e 2004 técnico económico orzamentario do Instituto da Vivenda de Madrid; e desde novembro de 2004 ata a actualidade, conselleiro de Traballo e Asuntos Sociais da Embaixada Española en Brasil.

XOÁN ANTÓN PÉREZ-LEMA, NOMEADO SECRETARIO XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

O Consello da Xunta, na súa xuntanza desta mañá, autorizou o nomeamento de Xoán Antón Pérez-Lema López como secretario xeral de Relacións Institucionais, departamento adscrito á Vicepresidencia, a proposta do vicepresidente, Anxo Quintana.

Xoán Antón Pérez-Lema López (1964) é un destacado profesional e un xurista de recoñecido prestixio. Licenciado en Dereito e letrado-asesor de Empresas pola Universidade Pontificia Comillas de Madrid (ICAI-ICADE) co grao de sobresaliente, é avogado en exercicio dende 1989. Foi asesor xurídico do Consello da Xuventude de Galicia entre 1991 e 1997 e dende outubro do 1987 a febreiro do 1990, xefe do Gabinete Técnico da Consellaría da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia. Colaborou co Foro Novo Estatuto (2004), no que foi relator da regulación do Poder Xudicial. Foi profesor de Dereito Administrativo da Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados da Coruña e de "Sistema Político Galego" na Universidade de Vigo. Ata agora foi secretario do Club Financiero Atlántico da Coruña.